

F NIETZSCHE TEXTO 1

PRESENTACIÓN DO TEXTO: *Fragmentos póstumos* escribiuse entre 1885 e 1889. A obra recolle fragmentos de apuntamentos manuscritos do filósofo e, como o seu nome suxire, foron publicados despois da súa morte.

PRESENTACIÓN: incluír por quen está influído aínda que sexa só nomear

TEMA DO TEXTO:

- O nihilismo como horizonte para unha nova filosofía
- A crítica á metafísica
- A morte de Deus e as súas consecuencias

DESARROLLO TEXTO:

Explicar que é o nihilismo: un estado de ánimo ao que chegamos cando somos capaces de darnos de conta de que (I 1 a 5):

- non hai finalidade, nin obxectivos no devir
- non hai intencionalidade
- non hai outro mundo despois de este
- todo o que hai é o que aparece, a forza, a vida.

Explicar que é o vitalismo (I5 a 8):

- O mundo, que pretende a metafísica, é unha creación xerado por unhas necesidades psicolóxicas. De onde xurde esas necesidades.
- Por que abandonamos a vida e fixemos da morte o único existente?
- O SH inventou a metafísica para superar a tristeza, a frustración e alienación de esta vida
- Este mundo xerado é o resultado da moral de escravos

Explicar que só hai devir. Facer referencia a Heráclito (I8 a 10)

A que responde ese erro? Porque buscamos a finalidade, unidade e verdade? Son intentos de “parar” o devir, de estabilizar para poder ter control sobre a vida; para poder confiar no que sabemos (na ciencia, o saber). Pero a Razón mata o desexo, o impulso que é o ser. (I 10 a 18)

CONCLUSIÓN:

As consecuencias das ideas de Nietzsche deixanse notar na totalidade do pensamento e a cultura de finais do século XIX e do XX. A súa crítica radical aos valores e a metafísica tradicional, a defensa do individuo, o impulso vital, a creatividade, son aspectos tan transcendentos para o mundo contemporáneo que non se entendería sen el.

Por exemplo no ámbito da psicoloxía e da psicoterapia, utilízase a teoría do superhome e o concepto de vontade de poder, para traballar a motivación e o desenvolvemento cultural. Na historia apélase tamén ao concepto de superhome para interpretar e cuestionar os acontecementos e as súas interpretacións, e os obxectivos da humanidade. No ámbito da

política e da sociedade, a crítica á cultura e os valores tradicionais, teñen sido utilizados por movementos antisistema ou radicais para defender a liberdade do individuo e cuestionar o poder e a autoridade.

O legado de Nietzsche é amplo e complexo e pódese interpretar de múltiples formas, as súas teorías teñen sido adaptadas e reinterpretadas por todos os movementos filosóficos do século XX e XXI.